OFICINA DEL CENSO ELECTORAL

Imprimir formulario

Eleccións ao Parlamento de Galicia 2016

Se desexa votar nas eleccións que se celebrarán o día 25 de setembro de 2016 debe solicitalo, antes do día 28 de agosto de 2016, mediante unha das seguintes opcións:

1. Pola internet con certificado electrónico. Deberá acceder ao trámite "Solicitude voto CERA", no enderezo https://sede.ine.gob.es/Solicitud_voto_CERA, mediante un certificado electrónico recoñecido asociado ao seu documento nacional de identidade (DNI).

2. Pola internet coa clave de tramitación telemática CTT remitida de oficio por correo postal ao domicilio da súa inscrición. Deberá acceder ao trámite "Solicitude voto CERA", no enderezo https://sede.ine.gob.es/Solicitud_voto_CERA, mediante a CTT, seguir as instrucións que lle presenten e xuntar o ficheiro da imaxe DUN dos seguintes documentos:

- Documento nacional de identidade español (DNI).
- Pasaporte expedido polas autoridades españolas.
- Certificación de nacionalidade española (de expedición gratuíta no consulado ou na embaixada en que estea inscrito).
- Certificación de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular (de expedición gratuíta no consulado ou na embaixada en que estea inscrito/a).

3. Por correo postal ou por fax (*) á delegación provincial da Oficina do Censo Electoral da provincia en cuxo censo se atope inscrito en España, sen ter en conta os cambios de municipio de inscrición producidos no ano anterior á data da convocatoria. Deberá cubrir a solicitude de voto e a data, asinala e xuntar UN dos seguintes documentos:

- Fotocopia do documento nacional de identidade español (DNI).
- Fotocopia do pasaporte expedido polas autoridades españolas.
- Certificación de nacionalidade española (de expedición gratuíta no consulado ou na embaixada en que estea inscrito/a).
- Certificación de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular (de expedición gratuíta no consulado ou embaixada en que estea inscrito/a).

(*) Pode consultar o enderezo postal e o fax da delegación provincial da Oficina do Censo Electoral en http://www.ine.es/oficina_censo/contactar_oce.htm

A delegación provincial da Oficina do Censo Electoral enviaralle a documentación para votar cunha folla de instrucións non máis tarde do 5 de setembro ou do 13 de setembro se se produce impugnación de candidatos.

Pode obter máis información sobre o procedemento de votación na súa embaixada ou consulado e en www.eleccions2016.xunta.gal, www.exteriores.gob.es e en www.ine.es

SOLICITUDE DE VOTO DOS ELECTORES RESIDENTES NO ESTRANXEIRO (CERA)

(CUBRA TODOS OS APARTADOS DO IMPRESO EN LETRAS MAIÚSCULAS)

Primeiro apelido

Segundo apelido

Nome

Data de nacemento: día mes ano

Identificador: ☐ DNI ☐ Pasaporte

Número

País de residencia

Provincia de inscrición electoral

Municipio de inscrición electoral

Á presente solicitude xunto o seguinte documento marcado con "X":

☐ Fotocopia do documento nacional de identidade español (DNI)

☐ Fotocopia do pasaporte expedido por autoridades españolas

☐ Certificación de nacionalidade española (de expedición gratuíta no consulado ou na embaixada en que estea inscrito/a)

☐ Certificación de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular (de expedición gratuíta no consulado ou na embaixada en que estea inscrito/a)

Datos de contacto do/da elector/a (OPCIONAL):

....

Teléfono Correo electrónico

....., ... de ..... de .....

Sinatura do/da interesado/a

Envíe a solicitude de voto por correo postal ou por fax a:
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA OFICINA DO CENSO ELECTORAL DE .....